



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13.30 horas do día 24 de outubro de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don César Valiña Irimia,
Don José Luis Ramudo Andión
Dona Sonia Cervantes Rivas
Dona María Blanca Fernández Martínez
Dona Nicole Grueira Fernández

Non asisten sen excusa:

Dona Marina Ramudo Graña,
Dona Ana Belén Seco Morado

Secretaria da Corporación:
Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.- Desestimación solicitude arquivo por caducidade do expediente 131/2019 sobre expropiación forzosa en Milleirós presentada por José Fernández López.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Expediente número: 131/2019

Asunto: Expediente expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Visto que en data 23 de agosto de 2024, ten entrada no Rexistro Central do Concello de Pol escrito presentado don José Fernández López no que solicita o arquivo por caducidade do expediente 131/2019 de expediente de expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea.





Visto o informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo á solicitude de arquivo por caducidade do expediente 131/2019 do seguinte tenor literal:

“En fecha de 23/08/2024, D. José Fernández López, presentou en el Concello de Pol una “**SOLICITUDE DE ARCHIVO POR CADUCIDADE DO EXPEDIENTE 131/2019 SOBRE EXPROPIACIÓN FORZOSA EN MILLEIRÓS**”.

Sobre dicha solicitude procede **INFORMAR**:

1. Que se acordou a aprobación do proxecto técnico denominado: “**PROYECTO DE CARRETERA MUNICIPAL DE EIREXE A VALINCOVO PASANDO POR ALDEA**” en el Pleno del Concello de Pol, el día 12/11/2021, estando expuesto al público durante 20 días hábiles, sin alegación alguna y quedando, en consecuencia, **definitivamente aprobado el día 28/07/2022**.

Que dicha aprobación definitiva, de acuerdo con el artículo 22.5 de la Ley 6/2015, de 7 de agosto, por la que se modifica la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia, lleva implícitas:

- * La declaración de utilidad pública.
 - * **La necesidad de ocupación de los bienes y la adquisición de los derechos necesarios para la ejecución de las obras.**
 - * Su urgente ocupación.
2. Que el Pleno del Concello de Pol, en sesión extraordinaria, celebrada el día 30/09/2022, acordou a **aprobación del inicio de expediente expropiatorio** para la adquisición de los bienes afectados por la ejecución de la obra del proxecto técnico previamente referido.
 3. Que dicho **expediente expropiatorio** se sometió a **información pública, anunciada** en el BOP de Lugo el día 02/05/2024, en la Sede Electrónica del Concello de Pol el día 28/06/2024 y en La Voz de Galicia el día 29/06/2024. Dicho **trámite de información pública finalizó el día 19/07/2024**.
 4. **Que la presente solicitude**, presentada en el Concello de Pol, el día 23/08/2024, se **presentó fuera de los plazos de información pública**, anteriormente citados, por lo que se informa que procede su **DESESTIMACIÓN**.”

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **acordos**:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de arquivo por caducidade do expediente 131/2019 efectuada por don José Fernández López á vista do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SEGUNDO.- Continuar co expediente expropiatorio cuxo inicio se aprobou na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Pol de data 30/09/2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado con indicación dos recursos pertinentes.”

Ponse o asunto a votación e por 4 votos a favor (PSOE), e dúas abstencións (PP e BNG) acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

2.- [Contestación recurso potestativo de reposición presentado por Óscar Fernández Agrelo ao expediente 131/2019 "Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea"](#).





Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Expediente número: 131/2019

Asunto: Expediente expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Visto, analizado e estudado o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN presentado neste Concello por:

- D. Óscar Fernández Agrelo, con data 15/10/204 e número de rexistro de entrada
2024-E-RC-983.

Referente a expropiación dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución das obras do proxecto técnico denominado “CARRETERA MUNICIPAL DE EIREXE A VALINCOVO PASANDO POR ALDEA”, expediente nº 131/2019.

Procede DESESTIMALO ÍNTEGRAMENTE xa que logo todos os acordos do Pleno deste Concello están axustados a lexislación vixente de aplicación.”

Ponse o asunto a votación e por catro votos a favor (PSOE), e dúas abstencións (BNG e PP) acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

3.- Contestación recurso potestativo de reposición presentado por José Fernández López ao expediente 131/2019 "Proxecto de estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Expediente número: 131/2019

Asunto: Expediente expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Visto, analizado e estudado o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN presentado neste Concello por:

- D. José Fernández López, con data 15/10/204 e número de rexistro de entrada
2024-E-RC-984.





Referente a expropiación dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución das obras do proxecto técnico denominado “CARRETERA MUNICIPAL DE EIREXE A VALINCOVO PASANDO POR ALDEA”, expediente nº 131/2019.

Procede DESESTIMALO ÍNTEGRAMENTE xa que logo todos os acordos do Pleno deste Concello están axustados a lexislación vixente de aplicación.”

Ponse o asunto a votación e por catro votos a favor (PSOE), e dúas abstencións (BNG e PP) acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía.

4.- Exp. 577/2024. Pagamento de facturas por insuficiencia de crédito orzamentario.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Vistas as facturas que acompaña o presente Decreto como Anexo I.

Visto o informe de Secretaria- Intervención, de data 21 de outubro de 2024, e tidas en conta as consideracións emitidas no que se formula reparo suspensivo por insuficiencia de crédito orzamentario.

No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das bases de réxime local e os artigos 186.1 e 187 ambos do RDL 2/2004, do 5 de marzo que aproba o Texto refundido da LRHL, así como a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO:

1.- *Levantar o reparo polo Pleno posto pola Secretaría- Intervención no informe que consta no expediente xa que se considera que a falta de trámites administrativos, aínda sendo esenciais, non debe ir en prexuízo dos provedores municipais impedíndolles o cobro dos servizos efectivamente prestados.*

2.- *Conformar neste mesmo acto as facturas reflexada no Anexo I desta Resolución.*

3.- *Autorizar o gasto e, simultaneamente, recoñecer as obrigas que se liquidan na factura referida no Anexo I da presente Resolución, en favor dos acredores sinalados e por importe de 17.759.84 euros.*

4.- *Ordenar á tesouraría municipal a realización do correspondente pago na aplicación 555 pagos pendientes de aplicación solventando o reparo por insuficiencia de crédito orzamentario.*





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

6.- Dar traslado da presente resolución ao Tribunal de Contas por parte de Intervención.

En Pol na data que consta na sinatura electrónica

O Alcalde,
Asdo.- D. Lino Rodríguez Ónega

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Anexo I

Bardasco, S.L.U. (B27402353)					13.524,84 €
315	28/02/2024	31	28/02/2024	13.524,84 €	Ordenadores, tomas para voz e datos, traslado de servidor
Color Cursiva, S.L.L. (B27433036)					4.235,00 €
3599	14/10/2024	588	14/10/2024	4.235,00 €	Rotulación autobús

- A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, expón que “hai moito que explicar, que é un despropósito a factura da rotulación, existe un informe de fiscalización que é demoledor e que di as practicas que vostede está a levar no concello, na maneira de actuar que pagas o que che parece cando che parece, cando che da a gana, sen ningún tipo de orden, si me da a gana compro agora e pago a unhas persoas e a outras non, como pode ser os traballadores do concello, que están ao límite de non cobrar”.

- Responde o Sr. Alcalde “que está hasta as narices das falsedades súas, que lévote ao xulgado, porque as calumnias sobran nesta casa, a min no me podes dicir que se debe aos traballadores as nóminas.”

- “Non son falsidades, dicenno os informes. O informe dice que peligran os gastos xerais, non me pode cortar a palabra, que conste en acta, xa que non está tratado”.

- Dona María Blanca Fernández Martínez, portavoz do grupo BNG, “está de acordo en que non se poden pagar facturas de agora cando hai facturas con retraso de antes”.

- “Ese é un problema noso, tranquila”, responde o Sr. Alcalde.

- “Non, o problema é de todos, é o de sempre. Tú eres o Sr. Alcalde de Pol pero nosoutros somos veciños de Pol que pagamos relixiosamente os nosos impostos para que tú os malgastes, xa que na miña casa pagase todo o que hai que pagar segundo a normativa”, responde a Sra. Fernández.

- “Cantos servizos ten usted?, ¿ou usted no recibe servizos a cambio?”, ¿quen limpa as calles?”, contesta o Sr. Alcalde.





- “Mira vouche a dicir que estou pagando a auga para que ti estes regando os campos de fútbol, e quero que conste en acta, porque esos son os servizos que ti das”, responde a Sra. Fernández.

- “Non tes personalidade ningunha, nin tes educación por moito facer maxisterio que fixeras, non tes nada. Eres unha falsa. E vou decirche porque”, responde o Sr. Alcalde.

- “Non fixen só maxisterio, fixen tamén pedagogía. Tanto si che gusta”, responde a Sra. Fernández.

- “Que vas ter!, entonces que dices, que estiveron regando os campos cando choveu?”, pregunta o Sr. Alcalde, “¿que fugas temos?, ¿non veu onte o de Espina e Delfín?”.

- “Díxenlle que o regan cando che sale a ti das narices, porque na súa mente solo está o deporte, e así vai o resto”, responde a Sra. Fernández.

- Responde o Sr. Alcalde, que “acabouse o conto, votais en contra, xa está, levanto o pleno. Aquí non me vides a torear por unha merda. Xa está”.

- “Aquí decidimos nos o que votamos e o que non, non poña na súa boca o meu voto”, responde a voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández

- “Levanto o pleno, eh!, sois uns falsarios, porque contais mentiras que vides dicindo que non cobraron os traballadores”.

- “Non dixeron que non cobraran, non transgiverses as palabras que eso daseche moi ben, non me gusta alzar a voz, e aquí hai moi pouco respecto, para empezar non ten que insultar a nai, que aquí nai lle faltou ao respecto, e quero que conste en acta que non nos está dando a palabra e que non nos deixa pedir as explicacións correspondentes, eso que conste en acta”, di a Sra. Grueira.

- “Usted venme a mezclar mil historias”, di o Sr. Alcalde.

María Blanca Fernández Martínez, portavoz do grupo BNG pregunta:

- “¿Donde se fixeron estes gastos de ordenadores?, porque teóricamente eran para a biblioteca, pero a biblioteca non funciona”.

- “¿Donde están os libros da biblioteca?, ¿quen usa a biblioteca o tenna de baixa a biblioteca e os libros que os quere queimar que están na nave?”, pregunta a Sra. Grueira.

- Responde o Sr. Alcalde “que non vai a falar da biblioteca agora, eu agora digo donde foron os cartos, está aí escrito, non hai mas que falar. Si queren votar, votan. Os ordenadores están nos despachos e na biblioteca. Vaia usted velos. O traballo está feito, viñeron os de Bardasco que son os que nos puxeron todo”.

O Sr. Alcalde di que eles van a votar a favor do levantamento do reparo. Vamos pasar a votación.

- A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández di “que quere que conste en acta é que non nos está deixando usar o noso turno da palabra e que non hai ningún tipo de orden neste pleno”.

- Di o Sr. Alcalde que “retiro a palabra por falar dos soldos que dixon que non cobraban os traballadores, xa que cobran puntualmente pero vosoutras de que vades!, desprestixiando ao concello!”.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

- “Non dixeran exactamente eso, sino que non hai para gastos xerais, segundo o informe de fiscalización”, aclara a Sra. Grueira

Dona María Blanca Fernández Martínez, portavoz do grupo BNG di que quere que conste en acta que coarta a liberdade de expresión das conselleiras da oposición.

Ponse o asunto a votación e por catro votos a favor (PSOE), e dúas abstencións do BNG e do PP acórdase a aprobación do asunto proposto pola Alcaldía

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as trece horas e corenta e seis minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

